

## **Titulación**

**Código:** G3111V01 **Nome:** Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos [L] **Data publicación BOE:** 29/09/2011

## **Contido**

**Código:** G311143 **Nome:** Contabilidade: Interpretación e Análise da Información Contable

**Ano Académico :** 2023/2024

**Créditos ECTS:** 4.50

**Carácter:** Optativo **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao/Máster

## **Datas de Aprobación**

**Data aprobación Economía Financeira e Contabilidade:** 26/05/2023

## **Profesorado do Contido**

<b>Nome</b>	<b>Categoría</b>	<b>Función</b>
Díaz Alonso,Rosa		Profesor/a

## **Obxectivos da materia**

Despois deste curso, o alumno debería ser capaz de:

- Coñecer as características básicas e obxectivos dos estados financeiros individuais que elaboran as empresas.
- Interpretar os principais estados financeiros para obter datos de interese para a toma de decisións.

## **Contidos**

- Función de contabilidade e as súas relacións con outras actividades na empresa.
- Terminoloxía básica.
- Nomas e principios da Contabilidade
- Os estados financeiros: Balance Patrimonial, Conta de Resultados, Conta do Fluxo de Caixa.
- A análise dos cocientes financeiros: indicadores de rendemento e posición financeira.

## **Bibliografía básica e complementaria**

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

ALSINA, R [2010]: Aplicación en Excel para el análisis de balances. Barcelona : Profit  
MUÑOZ MERCHANT, A. (2009): Análisis de estados financieros, Ediciones Académicas.  
Material elaborado polos profesores da materia

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIAS:

AMAT SALAS, O. (2008) Comprender la contabilidad y las finanzas, 3ª Edición, Ediciones Gestión 2000, Barcelona, España  
AMAT SALAS, O. (2008): Análisis de estados financieros: fundamentos y aplicaciones. Barcelona : Gestión 2000.  
ARCHEL DOMENCH, P., LIZARRAGA DALLO, F., SÁNCHEZ ALEGRÍA, S; CANO RODRIGUEZ, M.. (2015): Estados Contables. Elaboración, análisis e interpretación. Pirámide. Madrid.  
CARRASCO, A; DONOSO, S.A.; FRESNEDA, S.; LARRINAGA,C; HERNÁNDEZ. J.J.; LÓPEZ, M.A. (2009) Estados financieros: teoría y casos prácticos. Madrid : Pirámide.  
GONZÁLEZ PASCUAL, J. (2008): Análisis de la Empresa a Través de su Información Económico-Financiera. Aplicaciones

Prácticas, Pirámide, Madrid.

ROJO RAMÍREZ, A. (2012): Las cuentas anuales en la empresa Madrid : Garceta.

LEXISLACIÓN:

Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade (BOE de 20 de novembro).

Real Decreto 1515/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de PEMES e os criterios contables específicos para microempresas (BOE de 21 de novembro).

## **Competencias**

BÁSICAS E XERAIS

CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo

CG6 - Traballar individualmente e en equipo

ESPECIFICAS:

CE3 - Localizar, interpretar, sintetizar y representar datos e indicadores laborales y socioeconómicos

## **Metodoloxía da ensinanza**

A metodoloxía básica a seguir será a clase maxistral e a realización de actividades presenciais, nas cales se impartirá tanto teoría como práctica. O alumno deberá ler con antelación os temas que se lle indiquen e nas sesións de aula dedicadas ás clases teóricas imos analizar, debater e explicar os aspectos básicos de cada tema contido no programa, proporcionando ademais a información adicional necesaria que permita un adecuado desenvolvemento do proceso de aprendizaxe autónoma. As sesións dedicadas a clases prácticas consistirán basicamente en expor exercicios, para resolvelos de xeito autónomo intercambiando opinións e dúbidas cos seus compañeiros, facendo o profesor os comentarios pertinentes sobre os aspectos máis relevantes do mesmo. Con este enfoque non só se pretende chegar á solución dos exercicios, senón que outro dos obxectivos é que se interprete e analice a información que nos proporcionan os casos e a súa solución e, de forma adicional, potenciar o traballo en equipo.

Co obxectivo de controlar a progresión dos alumnos, así como o grao de comprensión, capacitación e asimilación do contido da materia, avaliaranse os traballos e demais actividades entregadas. Estas actividades obrigatorias inclúen traballo persoal e en grupo (procura de material bibliográfico, lectura do devandito material, elaboración de informes, presentación dos resultados, entre outros). Para a realización destes traballos o alumnado conta co apoio na aula e con tutorías co profesorado encargado da materia. Tamén se farán exames ao longo do período lectivo.

Vanse a utilizar as ferramentas dispoñibles na USC Virtual como apoio á docencia na materia, co obxectivo de favorecer a comunicación entre os estudantes e os profesores e, en consecuencia, expor debates e outras cuestións e dúbidas relacionados coa materia. A participación do alumno terase en conta na cualificación final.

## **Sistema de avaliación da aprendizaxe**

Sistema de avaliación da adquisición das competencias. Os alumnos da materia, sexan de nova matrícula ou repetidores, teñen á súa disposición dous sistemas de avaliación:

a) Avaliación continua: Os alumnos poderán superar a materia asistindo e participando en clase, elaborando e presentando publicamente os traballos e tarefas solicitados polos profesores e realizando as probas que se expoñan sobre os contidos do programa. A puntuación máxima que pode obter o alumno coa avaliación continua son 10 puntos. O alumno que opte por este sistema de avaliación continua deberá obter un mínimo de 5 puntos para superar a materia. Desta maneira, o alumno non terá a necesidade de acudir ao exame na data oficial. No caso de non superar a materia, pode optar pola outra vía de avaliación.

A relación das diferentes actividades avaliadas ao longo do curso, a súa ponderación e seguimento indicaranse na guía docente da materia que estará publicada na aula virtual ao comezo do curso.

b) Exame final, para os alumnos que teñan dispensa de asistir a clase ou que opten por este sistema de avaliación. A cualificación determínase mediante un exame realizado nalgunha das datas oficialmente establecidas, cuxa valoración máxima é de 10 puntos. O alumno que opte por este sistema de avaliación deberá obter un mínimo de 5 puntos para superar a materia. O exame teórico-práctico terá carácter presencial.

O sistema de avaliación será o mesmo nas dúas oportunidades de exame (decembro/xaneiro e xuño/xullo).

## ***Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala***

TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	Horas
Estudo autónomo individual ou en grupo.....	22,5
Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos.....	40
Lecturas recomendadas, actividades en biblioteca ou similares .....	5
Total horas traballo persoal do alumno.....	67,5

## ***Recomendacións para o estudo da materia***

Considérase necesario:

- A preparación das sesións da aula, a través da lectura do material teórico e a resolución previa dos exercicios propostos.
- A participación en clase e a discusión de dúbidas na aula e horas de tutoría.

## ***Observacións***

Praxio e uso indebido das tecnoloxías:

A realización fraudulenta de calquera exame, exercicios, informes, traballo, etc., de xeito total ou parcial, que poida ser obxecto de avaliación para a materia implicará a cualificación de suspenso na convocatoria vixente de acordo co artigo 16 recollido na "Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións".